

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Ramón Piñeiro do 19/06/1953

Colección:

Data: 19/06/1953

De:

Luís Seoane;

Para:

Ramón Piñeiro;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Catro poemas para catro gravados; Artes; Artes visuais; Literatura;

Mencionados:

Julián Bautista; Francisco Fernández del Riego; Perfecto López; Lorenzo Varela;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Ramón Piñeiro do 19/06/1953

Buenos Aires, 19 de xuño de 1953
Sr. D. Ramón Piñeiro
Sant-lago

Meu querido Piñeiro:

Teño recibido as túas derradeiras cartas que por razóns alleas ó meu sentimento non poiden contestare coa lixeireza que tivese deseiado, e nesta quero crebar calquer malentendido sobor da nosa correspondencia. Escribinche respondendo á tua enviada por Perfecto López e mandeiche por correo, na oportunidade, o libro Catro poemas galegos, feito con Varela e Bautista. Non recibín nin a separata de que falas na túa, que non coñezo, nin tampouco a túa carta do vran pasado. Máis todo esto, aínda sentindo a súa perda, non ten importancia pra nosa amizade. Escribinlle a Paco falándolle do teu silencio e logo de terlle escrito arrepentinme, porque supoñe da miña parte unha defianza cara a tí que non tiña dreito a tér. A lonxanía de todol-os amigos e cousas que queremos, afinóu os nosos sentimentos e lévanos a estremalos sen razón. Tedes os que estades ahí que perdoar estes espiñados xeitos nosos, nados de estadeas maxinadas.

Con fonda ledicia veño seguindo os teus traballos que Del Riego xenerosamente remíteme. Teñen eles unha serenidade e forteza que contrasta con noso desamaño, xurdido do desagarimo de Galiza que nos toca vivir. Tivésemos querido facer algo máis xusto e cinguido, máis de acordo co povo ó que vai destiñado, máis a distancia estraga todol-os bós propósitos. As nosas precuras, pintando ou escribindo, teñen de manterse dos despoxos das lembranzas e dos alucinamentos xurdidos dunha realidade de mozos, unha realidade que tivemos de deixar cando comenzaba a callar. E unha obra feita a pulos, as veces con ár de cridas. Mais xa falaremos desto. Hoxe quero agradecerche as túas liñas que me conmovieron, as referidas a meu libro, feito de corazón coma se dí, e as que se refiren a nosa amizade. Eu quixera loubar mellor do que poido, como o mereces, todo canto tí fas que é moito y (sic) exemprar.

Saúdos a os amigos comús y (sic) tí recibe a forte aperta do teu amigo:
Seoane

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.